

## CONVOCATORIA PERMANENTE DE AXUDAS DO CITMAGA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CIENTÍFICAS DURANTE O ANO 2024

### 1. Obxectivo

Dada a importancia que ten o intercambio de coñecemento na comunidade científica, a presente convocatoria ten como obxectivos estimular e potenciar a organización de eventos científicos que o promovan. Con esta fin, CITMAGA convoca axudas para apoiar que o seu persoal participe na organización de congresos, xornadas, encontros, cursos e outras actividades científicas e favorecer así o intercambio de ideas entre persoal do centro e outros especialistas alleos a el.

Para a adxudicación destas axudas valoraranse aspectos tales como a tipoloxía do evento, a súa internacionalización, se a actividade se encadra nunha serie de recoñecido prestixio ou é encargo dunha sociedade científica, o público obxectivo, o aliñamento coa axenda científica do CITMAGA ou a financiación allea da actividade.

A estas axudas, que serán avaliadas previamente á súa concesión, destinarase inicialmente unha contía de 5.000€ para actividades que se desenvolvan ao longo do ano 2024. Esta contía poderá ser ampliada en función da dispoñibilidade orzamentaria do centro.

### 2. Características das solicitudes

Poderá solicitar as axudas o persoal de CITMAGA pertencente a algunha das categorías seguintes: persoal investigador vinculado, persoal propio e persoal investigador en formación, a través do procedemento que se especifica nos seguintes apartados.

### 3. Formalización, prazo e lugar de presentación das solicitudes

Esta convocatoria permanecerá aberta desde novembro de 2023 ata setembro de 2024 e queda suxeita á dispoñibilidade orzamentaria do centro, así como ás restricións propias do exercicio económico anual.

A formalización de solicitudes farase mediante correo electrónico ao enderezo [citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) e achegando o formulario anexo. Nel incluírase a seguinte información:

- 1) Descrición xeral da actividade que, en particular, inclúa o seu calendario, o seu programa científico e se é unha actividade ligada a algunha asociación ou sociedade científica.
- 2) Relación de membros do comité organizador e comité científico e a súa vinculación con CITMAGA.
- 3) Previsión de ingresos e gastos, así como o importe das cotas de inscrición, de ser o caso.

As propostas deberanse presentar, como mínimo, con dous meses de antelación ao inicio da actividade.

#### **4. Avaliación de solicitudes**

O comité de dirección avaliará e seleccionará as solicitudes tendo en conta a duración, o ámbito das actividades e os demais obxectivos da convocatoria. O comité poderá apoiarse en informes externos para a avaliación.

Dependendo do tipo de evento e das súas características, así como dos demais aspectos a valorar (grao de internacionalización, se a actividade se encadra nunha serie de recoñecido prestixio ou é encargo dunha sociedade científica, número de asistentes, aliñamento coa axenda científica do CITMAGA, escaseza de financiación allea etc...) asignarase un máximo de 500€ euros por día completo de actividade. O prazo máximo de avaliación da proposta será de un mes. No caso de que nalguna avaliación se aprobasen varias solicitudes de propostas, pero non se puidesen financiar todas, financiaríanse as que sacasen unha mellor valoración.

#### **5. Gastos financiáveis**

Terán a consideración de gastos financiáveis aqueles que fosen xerados directamente na realización da actividade para a que se conceda a axuda. Considéranse financiáveis, entre outros, os seguintes conceptos:

- Gastos de viaxes e aloxamentos dos participantes na actividade, de acordo á lexislación vixente.
- Gastos de dietas dos participantes na actividade, de acordo á lexislación vixente (só no caso de persoal investigador vinculado ou persoal propio do CITMAGA).
- Gastos de organización (catering, cafés etc...).
- Material funxible para o desenvolvemento da actividade.
- Colaboracións externas (por exemplo, o soporte da páxina web da actividade ou a axencia de comunicación contratada para a actividade).

#### **6. Seguimento e xustificación**

CITMAGA asignará a unha persoa do cadro técnico de xestión como interlocutora para a tramitación e o correspondente seguimento. CITMAGA non se fará cargo da xestión dos importes das cotas de inscrición da actividade.

A organización que realiza a actividade fará constar, en toda a información e na documentación da actividade, a colaboración prestada por CITMAGA utilizando a súa imaxe corporativa. Ademais, durante o desenvolvemento do evento, a organización comprométese con CITMAGA a:

**Consortio Centro de Investigación  
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**

[www.citmaga.gal](http://www.citmaga.gal)

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1

Rúa de Constantino Candeira s/n.

15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.

[citmaga@citmaga.gal](mailto:citmaga@citmaga.gal) | Telf.: +34 881 813 357

- colaborar para a difusión coordinada da actividade en redes sociais,
- facilitar material audiovisual e fotográfico (en caso de xerarse),
- colaborar coas publicacións que elabore o centro para as que se lle requira información, como o boletín e a memoria anual,
- facilitar a asistencia puntual dos membros de CITMAga, en calidade de oínte, sempre que o aforo o permita e non dificulte o desenvolvemento da actividade.

CITMAga comprométese coa organización que realiza a actividade a:

- colaborar para a difusión da actividade polas canles habituais do CITMAga e nas súas redes sociais,
- facilitar material corporativo de CITMAga para a actividade,
- proporcionar certificados de asistencia e participación,
- publicitar a actividade no boletín e a memoria anual do centro.

Aprobada polo Comité de Dirección o 20 de novembro de 2023

**ANEXO**

Responsable da actividade: \_\_\_\_\_

Marcar a casíña que corresponda:

- Persoal investigador vinculado
- Persoal propio
- Persoal investigador en formación

Título da actividade: \_\_\_\_\_

Completar a seguinte información:

1) Breve descrición xeral da actividade (como mínimo debe incluír calendario, programa científico e se é unha actividade ligada a algunha asociación ou sociedade científica).

2) Relación de membros do comité organizador e comité científico e a súa vinculación con CITMAGA.

3) Previsión de ingresos e gastos, así como o importe das cotas de inscrición, de ser o caso.